

**Acta núm. 18/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 8 de novembro de 2022.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.

Carlos Noya Pereira.

María Rosa Romero Fariña.

Non asiste: Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 8 novembro de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 17/2022, DO 25.10.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) MODIFICACIÓN DE COMUNICACIÓN PREVIA.
- 5º) LICENZA DE VADO PERMANENTE.
- 6º) PREZO PÚBLICO: CURSO DE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 17/2022, DO 25.10.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 25.10.2022, acta núm. 17/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Raúl Domínguez Domínguez, que di actuar en representación de MANUEL JUAN SANTISO RODRÍGUEZ, na que comunica que vai instalar 12 módulos de placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda de Sanín 6, Os Ánxeles, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro Alexandre Estévez Gil.

A parcela (referencia catastral 6636801NH2463N0001ML) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, para áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 223,26 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 287,83 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ LUÍS MILÁN DOPICO, na que comunica que vai substituír o peche actual, de malla de arame, da fachada principal e a 4 metros da vía pública, en Guitiande 6, Os Ánxeles, por outro de bloque chapeado con pedra do país e rematado na parte superior con lamas de madeira, ata unha altura total de 1,70 m., e colocar unha porta de acceso de 1 m. de ancho.

A parcela (referencia catastral 7350301NH2475S0001AL) onde se van executar as obras sitúase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM, e situase dentro dunha aldea incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM coa clave identificativa AE4.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 25.10.2022 (expediente 1804/22), e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A parte cega do muro de peche terá unha altura máxima de 1,20 metros medidos dende a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,54 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 95,11 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO JOSÉ GARCÍA DE SOUSA, na que comunica que vai cambiar as ventás e a porta de entrada da vivenda de Boaventura 3, Brión, por outras novas de PVC.

A edificación (referencia catastral 5473203NH2457S0001UX) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 147,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 211,97 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Óscar Cores Garazo que di actuar en representación de MARÍA TERESA MONTERO CAMIÑO, na que comunica que vai realizar as seguintes obras de reforma na vivenda de Soigrex 33, Bastavales, segundo memoria redactada polo arquitecto técnico Pablo Vidal Ríos, asinada o 14.02.2022:

.- Acondicionar un dormitorio da planta baixa para baño, sen incrementar o número de estancias.

.- Cambiar a carpintería interior, como consecuencia das obras de adecuación funcional (novo baño).

.- Substituír a carpintería exterior (ventás) por outras de PVC, adaptándoas aos ocós existentes.

A parcela (referencia catastral 7511401NH2471S0001WB) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM, e sitúase na aldea de Soigrex, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave XBE13.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 05.10.2022 (expediente 1303/22), da declaración responsable presentada pola interesada o 09.02.2022 en Augas de Galicia (clave DH.W15.82760), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Que as carpinterías exteriores sexan ou ben de cor branca, ou ben dunha cor que se axuste aos criterios da "Guía de cor e materiais de Galicia" editada pola Xunta de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 306,84 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 371,41 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por OTILIA JOSEFA NIETO CHAVES, na que comunica que vai limpar con auga a presión a cuberta da vivenda de Mourentáns 45, Viceso.

A parcela (referencia catastral 1576704NH2417N0001FZ) na que se van executar as obras sitúase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO 2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,97 euros.

TERCEIRO-. LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Lourdes Peñalver Martínez, que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de rede de telefonía para dar subministro á vivenda de Guitiande 52, Os Ánxeles, abrindo unha zanja de 11 metros de lonxitude sobre un vial de titularidade municipal, segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alfonso Goday Otero.

A parcela á que se pretende dar o subministro de telefonía (referencia catastral 7350353NH2475S0000ZK) está clasificada polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 178,40 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17,84 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 82,41 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro á vivenda de Babenzo 60, Bastavales, abrindo unha zanja de 13 metros de lonxitude, actuando na zona de servidume da estrada de titularidade autonómica (AC-300), segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 01.08.2022.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 15013B503002850001QT) está clasificada como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 17/10/2022 (expediente IF204A/AC/2022/1043), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 75,60 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 15,12 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 79,69 euros.

CUARTO.- MODIFICACIÓN DE COMUNICACIÓN PREVIA.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Roger Fernández Girona, que di actuar en representación de SOLAR PROFIT ENERGY SERVICES, S.L., na que solicita modificación da autorización de obras concedida pola Xunta de Goberno Local o 09/08/2022 para instalar placas solares para autoconsumo nunha vivenda sita en Paseo de Pedrouzos 18, Brión.

A modificación solicitada consiste en instalar 10 placas solares para autoconsumo no lugar das 9 autorizadas, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico industrial Roger Fernández Girona.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a modificación solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 41,96 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 106,53 euros.

QUINTO.- LICENZA DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ PARDO ÁLVAREZ, na que solicita licenza municipal para colocar un vado permanente para o servizo de entrada á vivenda de Gronzo 7, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local o 20.10.2022, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

SEXTO.- PREZO PÚBLICO: CURSO DE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 07/09/2022 de prezo público para a asistencia ao curso de Manipulación de alimentos, que se realizará no Concello de Brión.

Vistos o informe técnico do 09/06/2022 e o informe de intervención do 08/09/2022.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de Manipulación de alimentos, de acordo coas seguintes tarifas:

.- Prezo público alumno curso presencial.....25,00 €
.- Prezo público alumno curso na rede.....10,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González